

Ref.: PB/mb

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo informa a esta Dirección Xeral o seguinte:

- 1º) Que o 18 de xaneiro de 1955, foi aprobado o consorcio que para o monte "PENA DO ENCANTO", LU-2174, como pertencente ás parroquias de Lamas, Fonfría e Padrón, subscribiran o Concello da Fonsagrada e o Patrimonio Forestal do Estado, a través da Deputación Provincial de Lugo.
- 2º) Que tamén o 18 de xaneiro de 1955, foi aprobado o consorcio que para o monte "SERRA DE INVERNAL", LU-2175, como pertencente ás parroquias de Fonfría, Padrón, Suarna e Bastida, subscribiran o Concello da Fonsagrada e o Patrimonio Forestal do Estado, a través da Deputación Provincial de Lugo.
- 3º) Que como queira que en ámbolos dous montes se incluían parcelas de indubidable carácter privado, na vila da Fonsagrada, o 22 do pasado mes de xaneiro, D. Silvino López Villaveiran, D. José Fernández Mon, D. Manuel Villaverde Díaz, D. Luis López López, D<sup>a</sup> Genoveva Llano Álvarez e D. Jesús López Fernández, e na cidade de Zamora, tamén o 22 do pasado mes de xaneiro, D. Antonio Castrillón Maragan, outorgaron poder notarial a D. Ovidio Ángel Méndez Rodríguez e a D. Manuel Arias Arias para que, en nome propio e no resto dos poderdantes puidesen
  - aproba-las bases dun convenio a subscribir coa Consellería de Medio Ambiente que afectase a 64 hectáreas do monte da súa propiedade "BARBEITOS", nas que se inclúen as 59 hectáreas da súa pertenza que na actualidade forman parte do "PENA DO ENCANTO" e as 5 hectáreas, tamén da súa pertenza, actualmente integradas no "SERRA DE INVERNAL", e
  - solicitar da Consellería que o convenio, na parte que lle afecta, anulase e substituíse ós consorcios dos montes "PENA DO ENCANTO" e "SERRA DE INVERNAL".
- 4º) Que o 2 de febreiro do ano en curso, D. Ovidio Ángel Méndez Rodríguez e D. Manuel Arias Arias acordaron aproba-las bases do convenio a subscribir coa Consellería de Medio Ambiente e solicitaron a cancelación do consorcio dos montes "PENA DO ENCANTO" e "SERRA DE INVERNAL", na parte que os afectaba.
- 5º) Que o 17 de febreiro a Xefatura Provincial de Lugo puxo os feitos en coñecemento do Concello da Fonsagrada, para que adoptase un Acordo manifestando a súa conformidade ou disconformidade con que dos consorcios

dos montes "PENA DO ENCANTO", LU-2174 e "SERRA DE INVERNAL", LU-2175, se segregasen 59 has. e 5 has. respectivamente, que pasarían a constituí-lo monte "BARBEITOS", a conveniar entre os seus propietarios e a Consellería de Medio Ambiente.

- 6º) Que o 25 do pasado mes de xuño a comisión de goberno do concello da Fonsagrada tomou o acordo de presta-la súa conformidade ás segregacións solicitadas.
- 7º) Que o convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó amparo dos consorcios anteriores, a conservación e tratamento selvícola das masas creadas, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes con tales fins.
- 8º) Que en consecuencia, o novo monte "BARBEITOS" queda integrado por:
- \* 59 has. do monte "PENA DO ENCANTO", LU-2174
  - \* 5 has. do monte "SERRA DE INVERNAL", LU-2175
- 9º) Que as superficies do monte "PENA DO ENCANTO", LU-2174, eran:
- superficie total..... 398 has.
  - superficie repoboada..... 368 has.
  - superficie inforestal..... 30 has.

Como ós montes que se indican, pasaron as seguintes superficies:

| Monte                         | Superficie total | Superficie repoboada | Superficie inforestal |
|-------------------------------|------------------|----------------------|-----------------------|
| "Monte de Reboira", 2716535   | 8 has.           | 7 has.               | 1 has.                |
| "Monte de Queixoiro", 2716530 | 26 has.          | 24 has.              | 2 has.                |
| <b>TOTAL</b>                  | <b>34 has.</b>   | <b>31 has.</b>       | <b>3 has.</b>         |

as actuais son:

- superficie total..... 364 has.
- superficie repoboada..... 337 has.
- superficie inforestal..... 27 has.

Ó novo monte "BARBEITOS" pasan:

- superficie total..... 59 has.
- superficie repoboada..... 54 has.
- superficie inforestal..... 5 has.

- 10º) Que as superficies do monte "SERRA DE INVERNAL", LU-2175, eran:
- superficie total..... 229 has.
  - superficie repoboada..... 214 has.
  - superficie inforestal..... 15 has.



Como ós montes que se indican, pasaron as seguintes:

| Monte                               | Superficie total | Superficie repoboada | Superficie inforestal |
|-------------------------------------|------------------|----------------------|-----------------------|
| "Vilarín de Arriba", 2716517        | 63 has.          | 60 has.              | 3 has.                |
| "Monte Llencias de Suarna", 2716531 | 19 has.          | 19 has.              | ----                  |
| "Monte de Pereira", 2716532         | 56 has.          | 51 has.              | 5 has.                |
| "Paradanova e Fonsagrada", 2717533  | 57 has.          | 53 has.              | 4 has.                |
| "Barbeitos e Silvela, 2717569       | 29 has.          | 27 has.              | 2 has.                |
| <b>TOTAL</b>                        | <b>224 has.</b>  | <b>210 has.</b>      | <b>14 has.</b>        |

as actuais e as que pasan ó novo monte "BARBEITOS", son:

superficie total..... 5 has.  
superficie repoboada..... 4 has.  
superficie inforestal..... 1 has.

11º) Que, polo tanto, as superficies do novo monte "BARBEITOS", son:

superficie total..... 64 has.  
superficie repoboada..... 58 has.  
superficie inforestal..... 6 has.

12º) Gastos por traballos e ingresos do monte "PENA DO ENCANTO", LU-2174:

a) Gastos por traballos  
ó 31/12/97..... 15.609.700.-ptas.  
pasados ó "Monte de Reboira"..... 62.559.-ptas.  
pasados ó "Monte de Queixoiro"..... 214.489.-ptas.  
saldo actual..... 15.332.652.-ptas.

b) Ingresos  
ó 31/12/97..... 570.356.-ptas.  
pasados ó "Monte de Reboira"..... 1.200.-ptas.  
pasados ó "Monte de Queixoiro"..... 4.113.-ptas.  
saldo actual..... 565.043.-ptas.

13º) Gastos por traballos e ingresos do monte "SERRA DE INVERNAL", LU-2175:

a) Gastos por traballos  
ó 31/12/97..... 9.426.953.-ptas.  
pasados m/ "Vilarín de Arriba"..... 671.112.-ptas.  
pasados m/ "Monte de Llencias de Suarna".... 379.664.-ptas.  
pasados m/ "Monte de Pereira"..... 1.019.099.-ptas.  
pasados m/ "De Paradanova e Fonsagrada".... 4.362.396.-ptas.  
pasados m/ "Barbeitos e Silvela"..... 2.608.271.-ptas.  
saldo actual..... 386.411.-ptas.

|                                              |                |
|----------------------------------------------|----------------|
| b) Ingresos                                  |                |
| ó 31/12/97.....                              | 103.834.-ptas. |
| pasados m/ "Vilarín de Arriba".....          | 4.458.-ptas.   |
| pasados m/ "Monte de Llencias de Suarna".... | 7.353.-ptas.   |
| pasados m/ "Monte de Pereira".....           | 19.736.-ptas.  |
| pasados m/ "De Paradanova e Fonsagrada"..... | 45.610.-ptas.  |
| pasados m/ "Barbeitos e Silvela".....        | 23.235.-ptas.  |
| saldo actual.....                            | 3.442.-ptas.   |

- 14º) Que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas dos consorcios dos montes "PENA DO ENCANTO" e "SERRA DE INVERNAL", pasan á conta do novo monte "BARBEITOS", son:

|                                                |                  |
|------------------------------------------------|------------------|
| a) Gastos                                      |                  |
| * do monte PENA DO ENCANTO:                    |                  |
| traballos: 54/337 has x 15.332.652.-ptas.....  | 2.456.864.-ptas. |
| administración: 7,85/100 x 2.456.864.-ptas.... | 192.864.-ptas.   |
| gardería: 54 has. x 1.605.-ptas/ha.....        | 86.670.-ptas.    |
| * do monte SERRA DE INVERNAL:                  |                  |
| traballos: 4/4 has. x 386.411.-ptas.....       | 386.411.-ptas.   |
| administración: 7,85/100 x 386.411.-ptas.....  | 30.333.-ptas.    |
| gardería: 4 has. x 1.605.-ptas/ha.....         | 6.420.-ptas.     |
| TOTAL GASTOS.....                              | 3.159.562.-PTAS. |

|                                 |               |
|---------------------------------|---------------|
| b) Ingresos                     |               |
| * do monte PENA DO ENCANTO:     |               |
| 54/337 has x 565.043.-ptas..... | 90.541.-ptas. |
| * do monte SERRA DE INVERNAL:   |               |
| 4/4 HAS. X 3.442.-ptas.....     | 3.442.-ptas.  |
| TOTAL INGRESOS.....             | 93.983.-PTAS. |

- 15º) Que a conta do convenio do monte "BARBEITOS" ábrese cun saldo de:  
 $3.159.562 - 93.983 = 3.065.579.-ptas.$

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

- 1.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:
- Nome do monte: "BARBEITOS"
  - Elenco: 2717570
  - Superficie: 64 hectáreas
  - Pertenza: D. Ovidio Angel Méndez Rodríguez e outros veciños
  - Termo municipal: A Fonsagrada
  - A contabilizar como subvención: 50%
  - A contabilizar como anticipo: 50%
  - Xuro sobre o anticipo: 1%
  - Participación da propiedade no voo creado: 70%
  - Participación da Consellería no voo creado: 30%

- 2.- Que a conta do Convenio do monte "BARBEITOS", 2717570, se abra cun saldo de **3.065.579.-ptas.**, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puidesen te-las contas dos consorcios dos montes "PENA DO ENCANTO", LU-2174 e "SERRA DE INVERNAL", LU-2175, con posterioridade á data do seu peche.
- 3.- Que as características do monte LU-2174 sexan no sucesivo as seguintes:  
Nome: "PENA DO ENCANTO"  
Elenco: LU-2174  
Superficie: 305 has.  
Pertenza: Parroquia de Lamas, Fonfría e Padrón  
Termo municipal: A Fonsagrada
- 4.- Que por pasar á conta do convenio do monte "BARBEITOS", 2717570, das contas do consorcio do monte "PENA DO ENCANTO", LU-2174, se resten as seguintes cantidades:
- \* Gastos: 54/337 has. x 15.332.652.-ptas..... 2.456.864.-ptas.  
\* Ingresos: 54/337 has. x 565.043.-ptas..... 90.541.-ptas.
- 5.- Que se cancele o consorcio do monte das seguintes características:  
Nome: "SERRA DE INVERNAL"  
Elenco: LU-2175  
Superficie: 5 has.  
Pertenza: Parroquia de Fonfría  
Término municipal: A Fonsagrada

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 1998  
O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES  
E INDUSTRIAS FORESTAIS

  
Asdo.- Plácido Baamonde López

Vº E PRACE  
O DIRECTOR XERAL DE MONTES E M.A.N.

  
Asdo.- Tomás Fernández-Couto Juanas

ILMO. SR. SECRETARIO XERAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE.



Visto o expediente de transformación do consorcio LU-2174 do Monte Pena do Encanto e do Consorcio LU-2175, do Monte Serra de Invernal, que se cancela, nun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e D. OVIDIO ÁNGEL MÉNDEZ RODRÍGUEZ e DON MANUEL ARIAS ARIAS, que actúan en nome propio e en representación dos restantes propietarios do Monte de propiedade privada "BARBEITOS", integrado por 59 Has. correspondentes ó devandito monte Pena do Encanto e 5 Has. do dito monte Serra de Invernal, que fan un total de 64 Has., e á vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a modificación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto.

Santiago, 13 de xaneiro de 1999

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA



Asdo : Ma José Tato Rocha.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.**

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

## RESOLVO

- 1.- Aproba-lo Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "BARBEITOS"  
 Elenco: 2717570  
 Superficie: 64 hectáreas  
 Pertenza: D. Ovidio Angel Méndez Rodríguez e outros veciños  
 Termo municipal: A Fonsagrada  
 A contabilizar como subvención: 50%  
 A contabilizar como anticipo: 50%  
 Xuro sobre o anticipo: 1%  
 Participación da propiedade no voo creado: 70%  
 Participación da Consellería no voo creado: 30%

- 2.- Que a conta do Convenio do monte "BARBEITOS", 2717570, se abra cun saldo de **3.065.579.-ptas.**, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puidesen te-las contas dos consorcios dos montes "PENA DO ENCANTO", LU-2174 e "SERRA DE INVERNAL", LU-2175, con posterioridade á data do seu peche.

- 3.- Que as características do monte LU-2174 serán no sucesivo as seguintes:

Nome: "PENA DO ENCANTO"  
 Elenco: LU-2174  
 Superficie: 305 has.  
 Pertenza: Parroquia de Lamas, Fonfría e Padrón  
 Termo municipal: A Fonsagrada

- 4.- Por pasar á conta do convenio do monte "BARBEITOS", 2717570, das contas do consorcio do monte "PENA DO ENCANTO", LU-2174, restaranse as seguintes cantidades:

\* Gastos: 54/337 has. x 15.332.652.-ptas..... 2.456.864.-ptas.  
 \* Ingresos: 54/337 has. x 565.043.-ptas..... 90.541.-ptas.

5.- Cancela-lo consorcio do monte das seguintes características:

Nome: "SERRA DE INVERNAL"  
Elenco: LU-2175  
Superficie: 5 has.  
Pertenza: Parroquia de Fonfría  
Término municipal: A Fonsagrada

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 1999

O CONSELLEIRO,  
P.D. (Orde do 12/01/98)  
O SECRETARIO XERAL



Asdo.: José Luis Aboal García-Tuñón



**C O N V E N I O**

|     |     |      |
|-----|-----|------|
| N.º | 271 | 7570 |
|-----|-----|------|

En Santiago de Compostela, a ..... de ..... de mil novecentos noventa e .....  
.....

**R E U N I D O S**

Dunha banda, D. **CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ** ..... , Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. **OVIDIO ANGEL MENDEZ RODRIGUEZ**, con D.N.I. nº. 76.574.695 e D. **MANUEL ARIAS ARIAS**, con D.N.I. nº. 33.307.988, veciños de Barbeitos, termo municipal de **A Fonsagrada** .....

..... como representantes dos propietarios do monte **"BARBEITOS"** .....  
..... segundo se acredita no poder notarial que se xunta.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

**E X P O Ñ E N**

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **18 de Xaneiro de 1.955** ..... para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente documento.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo ós propietarios (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio son propiedade dos outorgantes do poder notarial, e son os que a continuación se detallan:

Denominación: **"BARBEITOS"**.

Termo municipal: **A Fonsagrada**.

Provincia: **LUGO**

Límites: PARCELA I.-  
N.: N.- Monte "PENA DO ENCANTO", LU-2174;  
L.- Estrada de Vegadeo a A Fonsagrada;  
S.- Propiedades particulares e monte "BARBEITOS E SILVELA" e monte "PENA DO ENCANTO" e  
S.: O.- Monte "PENA DO ENCANTO".

PARCELA II.-  
L.: N.- Propiedades particulares;  
L.- Propiedades particulares;  
S.- Estrada de Pravia a A Fonsagrada e  
O.: O.- Propiedades particulares.

Superficie: 64 (SESENTA E CATRO) Hás.

Estado forestal: 58 (CINCOENTA E OITO) Hás. repoboadas e 6 (SEIS) Hás. inforestais.

Con arborado pertencente ós propietarios do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:  
58 (CINCOENTA E OITO) Hás.

Sen vexetación arbórea: 6 (SEIS) Hás.

Servidumes: - - -

### TÍTULO DE PROPIEDAD

Por herdanza dos seus antergos.

Inscrita no Rexistro da Propiedade de - - -

Tomo (s) - - - Folio (s) - - -

Finca (s) - - -

Inscripción (s) - - -

3ª.- O chan continuará pertencendo a D. OVIDIO ANGEL MENDEZ RODRIGUEZ, D. MANUEL ARIAS ARIAS  
e demais otorgantes dos Poderes Notariais

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dea lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

Así mesmo satisfará a Consellería de Medio Ambiente o importe total que corresponda da cota empresarial da Seguridade Social Agraria. Este pagamento terá a consideración de anticipo e como tal se recollerá na conta do convenio.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán parcial ou totalmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenca entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicarase á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 59 Hás. do monte "PENA DO ENCANTO",  
LU-2174 e 5 Hás. do monte "SIERRA DE INVERNAL", LU-2175.

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para os propietarios do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o - por cento, e ós propietarios, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso ós propietarios.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade dos propietarios, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola propiedade do chan e pola Consellería de Medio Ambiente. Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións Patrimoniais e actos xurídicos documentados





11.<sup>a</sup>— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12.<sup>a</sup>— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será o monte está repoboado con P. sylvestris e P. radiata.

13.<sup>a</sup>— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.


  
Asd<sup>a</sup>.: Ovidio Angel Mendez Rodriguez.


  
Asd<sup>a</sup>.: Manuel Arias Arias.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

  
Asd<sup>a</sup>.: Ovidio Angel Méndez Rodriguez.

  
Asd<sup>a</sup>.: Manuel Arias Arias.



O CONSELLEIRO  
P.D. (ORDEN 12-01-98)  
O SECRETARIO XERAL

Asd<sup>a</sup>.: José Luis Abad García - Tuñón

Pola Consellería de Medio Ambiente,

O CONSELLEIRO

En el lugar de Barbeitos, parroquia de Fonfría, municipio de A Fonsagrada, siendo las diez horas del día 2 de Febrero de 1.998, se reunen D. OVIDIO ANGEL MENDEZ RODRIGUEZ, con D.N.I. nº. 76.574.695 y D. MANUEL - ARIAS ARIAS, con D.N.I. nº. 33.307.988, vecinos del citado lugar y

en virtud del Poder Notarial otorgado en A Fonsagrada el 22 de Enero del año en curso, por D. SILVINO LOPEZ VILLAVEIRAN, con D.N.I. nº. - 33.724.106, D. JOSE FERNANDEZ MON, con D.N.I. nº. 33.727.228, D. MANUEL - VILLAVARDE DIAZ, con D.N.I. nº. 33.724.154, D. LUIS LOPEZ LOPEZ, con D.N.I. nº. 33.724.787, D. GENOVEVA LLANO ALVAREZ, con D.N.I. nº. 76.574.381 y - D. JESUS LOPEZ FERNANDEZ, con D.N.I. nº. 76.567.702 y

en virtud del Poder Notarial otorgado en Zamora el 22 del pasado mes de Enero, por D. ANTONIO CASTRILLON MARAGAN, con D.N.I. nº. - - - - 33.822.982,

acuerdan:

- aprobar las Bases de un Convenio a suscribir con la Consellería de Medio Ambiente que afecte a 64 Hás. del monte de su propiedad "BARBEITOS", en las que se incluyan las 59 Hás. de su pertenencia que en la actualidad forman parte del "PENA DO ENCANTO" y las 5 Hás., también de su pertenencia, actualmente integradas en el "SIERRA DE INVERNAL", ambos consorciados por el Ayuntamiento de Fonsagrada con el Patrimonio Forestal del Estado y

- solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que les afecta, anule y sustituya a los Consorcios de los montes "PENA DO ENCANTO" y "SIERRA DE INVERNAL".



En relación á solicitude de rescisión parcial do monte "BARBEITOS", 2717570, presentada por D. MANUEL ARIAS ARIAS e D. OVIDIO MÉNDEZ RODRÍGUEZ, o 24 de outubro de 2005, infórmolle o seguinte:

1º.- O 14 de xaneiro do ano 1999, aprobouse o Convenio do monte "BARBEITOS", 2717570, subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente e D. OVIDIO MÉNDEZ RODRÍGUEZ e D. MANUEL ARIAS ARIAS, en nome propio e representación do resto de propietarios, segundo os Poderes Notariais outorgados en A Fonsagrada en Zamora o 22 de xaneiro de 1998.

2º.- O citado Convenio, afectaba a 64 ha, co seguinte estado forestal:

|                             |       |
|-----------------------------|-------|
| Superficie repoboada:.....  | 58 ha |
| Superficie inforestal:..... | 6 "   |

3º.- Que segundo as bases do convenio asinado (do cal se remite fotocopia compulsada) a Consellaría aporta ao convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizouse e concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese o 1% anual.

4º.- A duración do presente convenio asinouse por un período de 30 anos mais segundo o cuarto parágrafo da décima cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellaría do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

5º.- O pasado 24 de outubro de 2005, os Sres. Arias Arias e Méndez Rodríguez, solicitaron a cancelación dunha parcela de dito monte.

6º.- A superficie a cancelar sería de 5,6 ha, co seguinte estado forestal:

|                             |        |
|-----------------------------|--------|
| Superficie repoboada:.....  | 5,0 ha |
| Superficie inforestal:..... | 0,6 "  |

7º.- Segundo a Certificación que se achega o anticipo reintegrable e ingresos actuais do monte, ascenden a:

|                             |             |
|-----------------------------|-------------|
| Anticipo reintegrable:..... | 19.714,22 € |
| Ingresos:.....              | 6.345,18 €  |

8º.- Polo tanto, o saldo a aboar polos propietarios do monte "BARBEITOS", 2717570, pola cancelación das 5,6 ha, será:

|                                                                                    |            |
|------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| Anticipo reintegrable: $\frac{5 \text{ ha}}{58 \text{ ha}} \times 19.714,22$ ..... | 1.699,50 € |
|------------------------------------------------------------------------------------|------------|

|                                                                      |          |
|----------------------------------------------------------------------|----------|
| Ingresos: $\frac{5 \text{ ha}}{58 \text{ ha}} \times 6.345,18$ ..... | 547,00 € |
|----------------------------------------------------------------------|----------|

|                                       |                   |
|---------------------------------------|-------------------|
| <b>SALDO: 1.699,50 – 547,00 .....</b> | <b>1.152,50 €</b> |
|---------------------------------------|-------------------|





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por todo isto;

**PROPOÑEMOS:**

1º.- Que se aprobe a rescisión parcial de 5,6 ha do monte "BARBEITOS", 2717570.

2º.- Que previa á cancelación e visto antes informe positivo da Asesoría Xurídica da Consellaría do Medio Rural, os propietarios ingresen a cantidade de 1.152,50 €, importe adebedado a Xunta de Galicia para poder rescindir as 5,6 has da súa propiedade.

3º.- Que das contas do monte, se desconten as seguintes cantidades:

Anticipo reintegrable:..... 1.699,50 €

Ingresos:..... 547,00 €

4º.- Que o Convenio do monte pase a ter as seguintes características:

Nome: "BARBEITOS"

Elenco: 2717570

Superficie: 58,4 ha

Pertenza: D. Ovidio Méndez Rodríguez e outros veciños.

Termo municipal: A Fonsagrada.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2006

**O Director Xeral de Montes e Industrias Forestais**



**Alberte Blanco Casal**

---

**Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-**  
**Santiago de Compostela.-**



En relación co expediente remitido pola D. X. de Montes e Industrias Forestais relativo a rescisión parcial do Convenio nº 2717570 do monte "Barbeitos" propiedade de D. Ovidio Angel Méndez Rodríguez e outros veciños sito en A Fonsagrada (Lugo) e cunha superficie actual de 64 has, exprésase como criterio desta asesoría xurídica:

1.- Que D. Ovidio Méndez Rodríguez e D. Manuel Arias Arias en nome propio e ademais en representación do resto dos propietarios segundo os poderes notariais outorgados en A Fonsagrada e en Zamora o 22 de Xaneiro de 1998 subscribiron con data 14-01-1999 un convenio para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, etc.....

No citado convenio establécese que este terá carácter administrativo e a Consellaría de Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento. En canto á súa duración sinalase que o convenio será por un período de 30 anos. Transcorrido este tempo, e se a Consellaría, coa súa participación en beneficios que se consegue na cláusula 7ª cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula 4ª quedará automaticamente extinguido o convenio reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular. En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.....

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellaría do saldo pendente.

Segundo o Decreto 562/2005, correspondelle á consellería de Medio Rural a competencia en materia de montes.

2.- Con data 24-10-2005 D. Manuel Arias Arias e D. Ovidio Méndez Rodríguez vecinos de Barbeitos solicitan en nome propio e ademais en representación dos titulares do monte de Barbietos obxecto de convenio (porén non se achega nin xustifica de ningún modo a representación que se alega, para poder presentar a solicitude de rescisión parcial en nome doutros vecinos), a segregación da porción de monte integrado no convenio e reflectida no plano que se achega (que non se xunta na documentación), por razón de cambio de cultivo,(execución de pastizal).

3.- O Servizo de Montes e Industrias Forestais de Lugo no seu informe de data 26-9-2006, propón:

1º.-Que se cancelen 5.6 ha do monte "Barbeitos", 2717570, en virtude da solicitude formulada por D. Manuel Arias Arias e D. Ovidio Méndez Rodríguez.

2º.-Que o convenio do monte pase a ter as seguintes características:

Nome:"Barbeitos".

Número de elenco: 2717570

Superficie: 58,4 has.

Pertenza: D. Ovidio Méndez Rodríguez e outros veciños



Termo municipal: A Fonsagrada.

3º.-Da das contas do monte, se descuenten as seguintes cantidades:

Anticipo reintegrable.....1.699,50 €

Ingresos..... 547.00 €

4.-A Dirección Xeral de Montes formula proposta de Resolución no mesmo sentido que o Servicio Provincial de Pontevedra, solicitando que se aprobe a rescisión parcial de 5,6 has.

5- En vista de tódolos antecedentes obrantes no expediente administrativo, esta asesoría vistas as disposicións legais de aplicación, considera necesario que pola Dirección Xeral de Montes se verifique se as persoas que solicitan a rescisión parcial en nome e representación dos demais titulares do monte teñen poder suficiente para presentar e solicitar en nome deles a rescisión parcial do convenio. Feita esta observación informase favorablemente a proposta de rescisión do convenio nos termos indicados na indicada proposta, condicionada a acreditación do apoderamento indicado, correspondéndolle a rescisión ao Sr. Conselleiro.

Santiago 31 de outubro de 2006

O asesor xurídico



Juan José Lois Barcia

Xefe de Servicio de Xestión de Montes





Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

**RESOLVO:**

1º.- Aprobar a rescisión parcial de 5,6 ha do monte “BARBEITOS”, 2717570.

2º.- Que previa á cancelación e visto antes informe positivo da Asesoría Xurídica da Consellaría do Medio Rural, os propietarios ingresaron a cantidade de 1.152,50 €, importe adebedado a Xunta de Galicia para poder rescindir a súa propiedade.

3º.- Que das contas do monte, se desconten as seguintes cantidades:

Anticipo reintegrable:..... 1.699,50 €

Ingresos:..... 547,00 €

4º.- Que o Convenio do monte pase a ter as seguintes características:

Nome: “BARBEITOS”

Elenco: 2717570

Superficie: 58,4 ha


Pertenza: D. Ovidio Méndez Rodríguez e outros veciños.

Termo municipal: A Fonsagrada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2007

**O CONSELLEIRO**



**Alfredo Suárez Canal**